

GALICIA

EUROPE DIRECT A Coruña organiza a xornada "A representación das mulleres nas Institucións Europeas"

POR REDACCIÓN A CORUÑA PUBLICADO 29/02/2024

COMPARTE



COMPARTE

A xornada, que terá lugar o este venres, servirá para intercambiar boas prácticas e reforzar o liderado inclusivo na sociedade europea

O centro EUROPE DIRECT A Coruña, centro oficial de información da Comisión Europea pertencente a Deputación da Coruña, organiza a xornada "A representación das mulleres nas Institucións Europeas" o vindeiro venres, 1 de marzo.

Este encontro ten como obxectivo visibilizar o liderado feminino nas Institucións Europeas, avaliar a igualdade nos postos de mando en sociedade así como o intercambio de boas prácticas que aborden o equilibrio de xénero nos postos directos en administracións públicas.

A xornada iniciárase coa intervención de Mónica Rodríguez, Deputada de Infraestruturas Viarias e Obras Provinciais, Ana Ramos, Secre da Asociación de Mulleres no Sector Público e Amparo Taboada, Secretaria Xeral da Deputación da Coruña.

A continuación, trataranse as accións clave das Institucións Europeas e a presenza das mulleres expertas no espazo público europeo de Xefa da Unidade de Estratexia e Relacións Exteriores de Europol, Beatriz Yordi, Directora Xeral da Dirección Xeral de Acción polo Clima e de negociación con terceiros Estados en materia de pesca da Dirección Xeral de Asuntos Marítimos e Pesca da Comisión Europea.

Esta xornada está dirixida as socias da Asociación de Mulleres no Sector Público e aquelas mulleres interesadas en participar neste encontro.

Para información complementaria, pódese contactar a través do **correo** ou ben, no número de teléfono 981 080 331. Hai tamén máis información na **páxina web**.

ETIQUETAS [deputacion a coruña](#) [Europe Direct A Coruña](#) [mulleres](#)